

2023
convocatoria


Bioloxía e CC. da Saúde

Ciencias Técnicas

Química e Xeoloxía

CC. Económicas e Sociais

Matemáticas, Física e CC. da Computación



Medallas de Investigación da REAL ACADEMIA GALEGA DE **CIENCIAS**



RAGC / REAL ACADEMIA
GALEGA DE **CIENCIAS**

Un dos principais obxectivos da Real Academia Galega de **Ciencias** (RAGC) é a promoción da Ciencia e a Tecnoloxía en Galicia, tratando de transmitir á sociedade o aprecio polos valores científicos. Para recoñecer publicamente traxectorias senlleiras en investigación, a RAGC convoca as “**Medallas de Investigación da Real Academia Galega de Ciencias**”, identificadas con científicas ou científicos de gran relevancia, fundadores da RAGC ou elixidos como “Científicos do ano”.

BASES

1. Convócanse as “Medallas de Investigación da Real Academia Galega de Ciencias” para recoñecer a *traxectoria consolidada* de científicas e científicos en activo, desenvolvida maioritariamente en Galicia.
2. Outorgaranse 5 medallas á investigación, unha por cada unha das **5 Seccións da RAGC**.
 - Medalla “Ángeles Alvares González”, no ámbito da Bioloxía e CC. da Saúde.
 - Medalla “Isidro Parga Pondal”, no ámbito das Ciencias Técnicas.
 - Medalla “Antonio Casares Rodríguez”, no ámbito da Química e Xeoloxía.
 - Medalla “Domingo García-Sabell Rivas”, no ámbito das CC. Económicas e Sociais.
 - Medalla “Enrique Vidal Abascal”, no ámbito das Matemáticas, Física e CC. da Computación.
3. As propostas poderán ser presentadas por 10 profesores ou por Departamentos, Institutos ou Centros de Investigación de Galicia, podendo ser avaladas conxuntamente por máis dunha entidade. Incorporaranse as propostas de candidatas e candidatos dos tres anos anteriores.
4. Na proposta incluírase un documento de ata 4 páxinas onde se describa a traxectoria investigadora así como un *Curriculum vitae* abreviado (CVA) da candidata ou candidato. Valoraranse particularmente tres dimensións: a) A contribución á creación de coñecemento, por medio de publicacións en libros e revistas; b) A capacidade de formación, especialmente de doutoras e doutores, e a creación de liñas de traballo e de escola de investigación; c) O impacto, considerando a transferencia dos resultados, o liderado en proxectos e redes españolas e internacionais e a inserción na sociedade científica internacional.
5. O prazo da convocatoria remata o 18 de setembro de 2023. Remítanse á RAGC por correo electrónico á dirección ragciencias@ragc.gal, indicando no tema “Medallas de Investigación da RAGC”.
6. Cada unha das Seccións da RAGC propondrá ata 3 candidatas ou candidatos, correspondendo a elección final á Xunta de Goberno. O premio poderá declararse vacante en calquera das seccións, pero non poderá ser compartido.
7. As premiadas e os premiados recibirán sendas medallas acreditativas que serán entregadas nun acto público a celebrar o día 4 de outubro, Día da Ciencia en Galicia.